

Obradoiro



# Pensando a Frei Ramón Pané

## Retrato dunha subxectividade moderna

23 de xaneiro do 2009

Sede Fundación Caixa Galicia  
Rúa do Vilar, 19. Santiago



MUSEUMS AS PLACES FOR INTERCULTURAL DIALOGUE

## Pensando a Frei Ramón Pané

*Retrato dunha subxectividade moderna*  
E exercicios de diálogo intercultural

No Ano Europeo do Diálogo Intercultural a Unión Europea quixo resaltar o papel dos museos como lugar privilexiado para que se estableza este diálogo co proxecto os **Museos como Espazo de Diálogo Intercultural - MAP for ID (Museum as place of Intercultural dialogue)**, formando parte do programa LIFELONG LEARNING PROGRAMME da Unión Europea.

O Museo Barbier-Mueller de Arte Precolombina de Barcelona coordinou un dos programas piloto deste proxecto, resaltando a figura de **Frei Ramón Pané**, monxe eremita, que acompañou a Colón na súa segunda viaxe e recolleu as singularidades da cultura taína compartindo cos habitantes da Española a súa propia singularidade. Para este fin o programa utiliza como campo de experimentación a exposición **«O caribe precolombino. Frei Ramón Pané e o universo taíno»**, (Sede Fundación Caixa Galicia. Rúa do Vilar, 19. Santiago de Compostela ata o 8 de febreiro de 2009) que o museo coproduciu co Ministerio de Cultura a través do Museo de América, o British Museum e a Fundación Caixa Galicia.

Como complemento á mostra, formando parte deste enriquecedor programa, propuxéronse unha serie de **obradoiros didácticos** que queren afondar na experiencia deste personaxe pioneiro en plasmar os intercambios entre os dous mundos. Nesta ocasión o Museo Barbier-Mueller e o Museo de América, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, propoñen en Santiago, como actividade ligada a exposición **«O Caribe precolombino. Frei Ramón Pané e o universo taíno»**, a realización dun obradoiro didáctico coa pretensión de aproximarnos ao mundo precolombino das Antillas.

A idea central é a utilización da figura do monxe xerome Frei Ramón Pané e o seu contacto cos taínos para promover a reflexión sobre o **diálogo intercultural**, constituíndose este destacado personaxe nun modelo de subxectividade moderna. Pané conecta cunha cultura descoñecida e abre o camiño dunha longa e contradictoria tradición de interpretacións e aproximacións ao «outro».

Preténdese que as persoas que asistan ao obradoiro reflexionen sobre as vivencias, os valores, os temores que Pané e os taínos puideron compartir, xogar cos nosos propios imaxinarios, recreando as posibles escenas dun monxe vestido ou non con hábito e os habitantes da Española e os seus particulares costumes, preguntarnos polas verdades que compartiron e as ideas que ocultaron, o que foi observación e o que foi intercambio e diálogo.

A actividade terá como eixe central o estudo do texto **Relación sobre las antigüedades de los indios**, escrito polo propio Ramón Pané, e a través del intentarase abordar a figura do monxe como interlocutor de dúas realidades culturais afastadas e como promotor dun diálogo que ilumina a perspectiva de relación intercultural da sociedade moderna. Para contextualizar a actividade e o contexto no que se desenvolve impartirase unha conferencia introdutoria e tamén unha visita guiada á exposición das pezas orixinais taínas.

### OBXECTIVOS

Os obxectivos presentados para este obradoiro son:

1. Pensar a institución museística e cultural como un espazo para a construción do diálogo intercultural.
2. Abordar a construción deste diálogo dando voz a diferentes colectivos da cidade.
3. Aproximarse á figura de Frei Ramón Pané como modelo de interlocución entre dúas culturas diferentes.
4. Elaborar un documento conxunto a partir das conclusións finais que poida ser un esbozo dun patrón para abordar a relación coa alteridade.

### METODOLOXÍA DO OBRADOIRO

- A) Introducción para contextualizar o momento histórico no que Frei Ramón Pané viaxa á Española. Conferencia introdutoria impartida por especialista atendendo a cuestión espirituais e culturais derivadas do choque de civilizacións.
- B) Analizar a visión occidental do outro, o descoñecido, o marxinado... nos albores da Idade Moderna, tomando como referencia os textos de Frei Ramón Pané.
- C) Valoración estética e simbólica das pezas da exposición. Visita guiada e comentada.
- D) Debates e recollida das opinións que o grupo puidese desenvolver sobre as cuestións históricas, antropolóxicas, estéticas deste encontro cultural.

### DESTINATARIOS

Profesionais, investigadores, estudantes de Humanidades, Filosofía, Pedagogía... integrantes de colectivos sociais, culturais e público interesado en temas de diálogo e intercambios culturais...

## PROGRAMA

Venres, 23 de xaneiro de 2009

**10.30 h Recepción e benvida**

A cargo de Raúl Mena, responsable de Proxectos Educativos do Museo Barbier-Mueller de Barcelona. Presentación do material elaborado nas sesións do obradoiro realizado en Barcelona.

**11.30 h Aproximación histórica: «Encontro de civilizacións. O choque cultural no mundo antillano»**

A cargo de Domingo Luis González Lopo, profesor de Historia da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e da UNED.

**12.30 h Aproximación literario-antropolóxica: «A visión do outro nos albores da Idade Moderna»**

Obradoiro: *Como se configura a visión do outro, do descoñecido?* Achegamento ao marxinado tomando como referencia os textos de Frei Ramón Pané. A cargo de David Chao Castro, profesor de Historia da Arte da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.

**16.00 h Aproximación estética: «Narración mitolóxica e imaxe»**

Obradoiro-visita á exposición: *Do texto á representación estética* (representación e interpretación do sagrado).

**18.00 h Conclusións finais**

**19.30 h Clausura**

### BOLETÍN DE INSCRICIÓN

APELIDOS E NOME: .....

TELÉFONO: .....

CORREO ELECTRÓNICO: .....

PROFESIÓN/ESTUDOS/COLECTIVO/  
MOTIVO DE REALIZACIÓN DO OBRADOIRO: .....

.....

.....

Este boletín de inscrición deberá entregalo debidamente cuberto, antes de 23 de xaneiro na Sede Fundación Caixa Galicia – Rúa do Vilar, 19 – Santiago de Compostela ou a través do correo electrónico pensandopane@gmail.com.

Matrícula gratuita. Expedirase un certificado de asistencia e participación na actividade.

Coordinación externa: Xestionarte, SL, Xestión e Difusión Cultural, SL. Teléfono de contacto: 629851129